- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Let's go!	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido de textos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Aplicar estratexias comunicativas para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos sinxelos, coherentes e con aceptable corrección sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos .		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados e comprensibles sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Participar e colaborar de maneira activa en situacións interactivas mostrando iniciativa, empatía e respecto		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.	TI	30
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura. - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais. - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e

Contidos

- multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Segundo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o alumnado traballará tanto de maneira colaborativa en grupos reducidos e heteroxéneos como de maneira individual. Haberá titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material dixital dispoñible na plataforma Edixgal
Libro dixital para proxectar no taboleiro e Caderno de traballo para o alumnado da ESO: Influence Today 3 Ed. Macmillan
Materiais de creación propia en formato analóxico e dixital elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas.
Materiais dispoñibles en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.
Libros de lectura opcionais na biblioteca do centro e do departamento.
Cámara de vídeo e tablets do centro.
Equipo para facer radio na biblioteca.

Neste curso está á disposición do alumnado dos 4 cursos da ESO a plataforma edixgal

O alumnado trae ás clases o seu propio portátil, auriculares, un caderno de traballo "Influence Today 3", un caderno o folios etc. e material aportado polo profesorado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dos seguintes procedementos:

- Actividades durante os primeiros días nas que o alumnado ten que utilizar contidos aprendidos en cursos anteriores e observación por parte do profesorado para detectar ao alumnado con dificultades de aprendizaxe o coñecementos insuficientes.
- Proba diagnóstica oral e escrita.

Cos resultados o profesorado adoptará medidas de reforzo:

- Atención individualizado na aula na medida do posible
- Uso de materiais DUA
- Proposta de actividades con diferentes niveis
- Material de traballo e de estudo para realizar na casa

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Tendo en conta o carácter da materia, cun ensino cíclico e acumulativo, levarase a cabo un sistema de avaliación continua no que os contidos iranse acumulando dunha avaliación á seguinte. O aprobado en cada avaliación supón a recuperación das anteriores.

O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 30%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita con preguntas de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

2. PRODUCCIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.4 + CA1.5 + CA1.6): 40%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Proba escrita: Escribir diferentes tipos de texto (A profile, A blog, An informal email, A formal letter, An online post, An opinión essay). Cuestionarios con preguntas opción múltiple, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

3. MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10) E INTERACCIÓN (CA1.7 + CA1.8): 15%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. PLURILINGÜISMO E INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 5%

Instrumentos de Avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. TRABALLO EN AULA E NA CASA, E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 10%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Faranse probas escritas e orais respectando sempre as porcentaxes reflectidas nos criterios de cualificación. O número de probas poderá variar (sendo o mínimo unha proba por apartado).

O alumno promocionará se acada un 5 na nota final.

O redondeo na nota das avaliacións farase á alza á unidade inmediatamente superior se a décima da nota real resultante da ponderación é igual ou superior a 0,75.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro e no segundo trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

O alumnado que non obtivera unha cualificación positiva ao final da terceira avaliación, terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba ou probas FINAIS de RECUPERACIÓN. Esta PROBA ou PROBAS serán similares ás Probas de Avaliación realizadas durante o ano escolar. Polo tanto constarán de:

* Avaliación da comprensión escrita (lectura comprensiva de textos, preguntas de comprensión, True or False, buscar sinónimos no texto, responder preguntas sobre o texto....), exercicios de estruturas e vocabulario, actividades de Use of English (sinónimos, antónimos, match the pairs, fill in the blanks, choose the correct option...). (6/7 puntos)

* Avaliación da produción escrita (e-mails, cartas, descripción e comparación de fotografías, mensaxes, redaccións breves de opinión, narracións breves,) (3/4 puntos)

* A Avaliación da comprensión oral (LISTENING) e produción oral (SPEAKING) será determinada e decidida polo profesor/a según o tempo e recursos dispoñibles hacia final de curso. (1/2 puntos de facerse finalmente)

Como diferente método de Avaliación o profesor/a tamén poderá encomendar outro tipo de tarefas específicas, ofrecendo así outros diferentes sistemas de Avaliación, tendo así en conta a diversidade do alumnado e dependendo das instrucións da Consellería para o remate do curso.

O alumnado aprobará a materia cunha nota igual ou superior a 5 de 10.

O profesor/a poderá valorar SEMPRE POSITIVAMENTE o traballo, a voluntariedade, a participación e/ou a evolución da aprendizaxe por parte do alumno/a ó longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia de Inglés pendente desenvolverá o seguinte plan de recuperación:

Plan de REFORZO e SEGUIMIENTO de Alumnado ca Materia Pendente.

1. Obxectivos e competencias

O plan de reforzo para recuperar a materia pendente está deseñado para conseguir o obxectivo principal da materia de Lingua Estranxeira que é a adquisición da competencia comunicativa apropiada na lingua estranxeira neste nivel.

Criterios de avaliación:

-Coñecer e utilizar, para a comprensión e a produción de textos as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais propias do nivel.

- Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común.

- Comprender textos breves e identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes.

- Escribir textos sinxelos e breves e presentar os textos escritos de xeito coidado.

3. Estratexias metodolóxicas

Traballo individual na realización de tarefas lingüísticas comunicativas de comprensión e produción escrita.

Realización de exercicios específicos para reforzar os contidos morfosintácticos e léxico.

Corrección das tarefas co profesor o a profesora e auto corrección do traballo realizado.

4. Recursos

Fichas con actividades do currículo a desenvolver e que serán ofrecidas polo departamento. A versión dixital das actividades poderá estar dispoñible na plataforma EDIXgal.

5. Tarefas para realizar e temporización

Tarefas

Exercicios específicos para o reforzo e a aprendizaxe de estruturas morfosintácticas e léxico máis habituais propios do nivel; lectura de textos escritos con preguntas de comprensión; produción de textos escritos seguindo un modelo; actividades de comprensión e expresión oral en aula.

Temporización:

A supervisión de traballos, actividades e informes por parte do profesorado que imparte a materia no curso no que está matriculado o alumnado será previo ás probas trimestrais.

A periodicidade (semanal, quincenal...) das reunións para a entrega de actividades do Plan de Reforzo e Seguimento, explicacións e resolucións de posibles dúbidas será acordada por ambas partes, profesor/a e alumnado buscando o momento que mellor se adapte ás súas necesidades.

- Probas escritas conforme ao calendario oficial do centro para o curso actual:

- 1º parcial a mediados de novembro.
- 2ª parcial a mediados de xaneiro.
- 3º parcial a finais de abril.

6. Seguimento e avaliación.

- Revisión do traballo individual na realización de tarefas lingüísticas comunicativas de comprensión e produción escrita.

- Realización de exercicios específicos para reforzar os contidos morfosintácticos e léxico.

- Asistencia durante os recreos para consultar dúbidas.

- Corrección das tarefas co profesor o a profesora e auto corrección do traballo realizado.

Criterios de cualificación das PROBAS de Pendentes:

- A avaliación das probas escritas será do 60%:

- Exercicios e Actividades de Comprensión escrita: 20%
- Expresión escrita e estruturas e vocabulario (Use of language): 40%
- A comprensión e expresión oral serán avaliados coa participación en actividades en aula no curso actual: 20%
- A avaliación do traballo do alumno tanto na casa como na clase, entrega das actividades no prazo establecido, a asistencia ás sesións nos recreos, a actitude cara á materia e a participación na clase no curso no que está matriculado, poderá acadar ata un 20%.

O alumnado terá 3 oportunidades para recuperar a materia pendente.

1ª Convocatoria: A mediados de novembro.

2ª Convocatoria: A mediados de xaneiro.

3ª Convocatoria: A finais de abril.

O alumnado que acade unha nota igual o superior a 5/10 na primeira ou segunda convocatoria xa non ten que presentarse ás sucesivas convocatorias. Aplicarase o redondeo á alza a partir de 0,75

7. Acreditación da información á familia

A información á familia lévase a cabo a través dos boletíns de notas e a publicación na páxina web do centro do plan de reforzo de materias pendentes na ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

A partir dunha avaliación inicial para detectar as posibles necesidades especiais aplicaranse as seguintes medidas ordinarias de atención á diversidade:

- Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
- Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
- Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
- Actividades de reforzo e consolidación.
- Aprendizaxe por Proxectos.
- Traballo colaborativo.
- Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
- Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
- Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

O alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso seguirá un plan específico personalizado ao longo de todo o curso.

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado inclúe:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X			X		
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial			X			X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico				X		
ET.7 - A educación emocional e en valores	X		X		X	
ET.8 - A igualdade de xénero			X	X		
ET.9 - A creatividade		X				X
ET.10 - A educación para a saúde			X			
ET.11 - A formación estética					X	
ET.12 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable						X
ET.13 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver actividades contextualizadas na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A comunicación audio visual, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a formación estética e a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2nd November: International Day against Violence and Bullying at school.	Actividades en aula	X		
25th November: International Day for the Elimination of Violence against Women	Actividades en aula	X		
8th March: International Women's Day	Actividades en aula		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
22nd March: World Water Day	Actividades en aula			X
5th June: World Environment Day	Actividades en aula			X
Actividades que poidan xurdir ao longo do curso relacionadas con Axenda 2030	Actividades en aula	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados